



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Gabinete de Comunicación

NOTA DE PRENSA

SORPRESA NA FGC

Ante as declaracións do Presidente da Xunta de Galicia aparecidas onte nos medios de comunicación, a Federación Galega de Caza ven de solicitarlle aclaracións sobre as súas manifestacións.

Santiago, 30 de xullo.- A raíz das declaracións do Presidente da Xunta de Galicia, sobre os *touros e caza*, aparecidas onte nos medios de comunicación, a Federación Galega de Caza a primeira hora da mañá -de onte xoves- a través dun escrito do seu máximo responsable dirixido a Núñez Feijoo, pedía aclaracións ao respecto. Ao longo da mañá o Presidente da FGC, Gómez Cortón, recibía a convocatoria para unha reunión co Conselleiro do Medio Rural para aclarar-lo tema e abordar outros pendentes.

A *caza e os touros* son dúas tradicións respectables, forman parte do patrimonio cultural, e como tales son dignas de manterse en aras da liberdade e da diversidade, aínda que entre eles non exista ningunha semellanza.

No caso particular da *caza*, que nos afecta directamente, non só é unha tradición ancestral senón que forma parte da propia evolución do home que co paso do tempo pasou de ser unha actividade primaria a unha afición e actividade deportiva, e, finalmente, a un deporte recoñecido legalmente.

Desde o punto de vista ambiental, a *caza* está recoñecida pola UE como unha actividade necesaria para o mantemento dos espazos naturais, clave para fixa-la poboación no medio rural, asemade cumpre unha función reguladora das especies, mesmo sendo imprescindible para a mante-la agricultura e a gandeiría tal e como a coñecemos na actualidade. A modo de exemplo dicir que, se non se cazasen xabaris perante tres anos en Galicia moitos dos cultivos agrícolas serían inviables.

O *cazador galego* pertence a un estrato social absolutamente vinculado co rural galego, máis do 70% dos cazadores viven e desenvolven as súas actividades no medio rural, e, máis doutro 20%, ten casa e terras que visita habitualmente segundo se desprende do “*Estudio socioeconómico da caza e perfil do cazador galego*” elaborado polo Observatorio Galego da Caza dependente da FGC.

O amplo colectivo de cazadores galegos, arredor de 60000, leva anos amosando a súa responsabilidade e compromiso coa conservación -co aproveitamento responsable dos espazos e das especies- e fomentando a convivencia entre todos aqueles que desenvolven as súas actividades no medio rural desde o exquisito respecto ás normas reguladoras da actividade.

GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>